



ACTA DEL JURADO DEL PREMIO CIPRIANO DOBARRO 2016/17

En Ferrol, a los 7 días del mes de junio de 2017, siendo las 12:30 horas, en la Sala de Juntas de la Facultad de Ciencias del Trabajo, previamente convocados y válidamente constituidos, se reúnen los miembros del Jurado del "Premio Cipriano Dobarro", compuesto por:

Presidente: D. José Luis López Fernández
Secretario: D. Moisés Alberto García Núñez
Representantes del PDI: D^a. M^a Asunción López Arranz
D. José M^a Rolón Varela
Representante del PAS: D^a. M^a José Paz Fernández
Representante de estudiantes: D^a. Carla Gómez Castro (excusa su asistencia)
D. Juan José Lada Vilariño
Representante del Colegio de Graduados Sociales: D. Roberto Barros López.

El Jurado, tras un análisis de la documentación presentada por los candidatos al premio, acuerdan:

1º.- Los candidatos han presentado los avales necesarios para poder concurrir al premio.

2º.- Destacar la calidad de los candidatos al premio, tanto en la vertiente educativa como personal, ya que a lo largo de estos cuatro años así lo han demostrado en múltiples ocasiones.

3º. **CONCEDER:**

el premio a D^a Andrea Vieites Estraviz.

Y en prueba de conformidad, suscriben conjuntamente la presente ACTA, en la fecha y lugar arriba indicadas.

Presidente del Jurado

Fdo. José Luis López Fernández



FACULTADE DE CIENCIAS DO TRABALLO
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Secretario del Jurado

Fdo. Moisés Alberto García Núñez

**RESOLUCIÓN DO DECANO DA FACULTADE DE CIENCIAS DO TRABALLO
DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLA QUE SE CONVOCA O PREMIO CIPRIANO DOBARRO
CORRESPONDENTE AO CURSO ACADÉMICO 2016-2017**

A Xunta de Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade da Coruña, na súa sesión celebrada o día 12 de maio de 2014, aprobou as bases do “Premio Cipriano Dobarro”.

De acordo con ditas bases,

RESOLVO

Convocar o premio Cipriano Dobarro correspondente ao curso académico 2016-2017:

Destinatarios:

Poderán optar ao “Premio Cipriano Dobarro” estudantes de 3º e 4º curso do Grao en Relacións Laborais e RRHH da Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade da Coruña con matrícula no Centro no momento en que remate o prazo de presentación de candidaturas, e que non acadaron o premio en edicións anteriores.

Procedemento:

As propostas deberán ser avaladas por quince ou máis membros da comunidade do Centro ou polos seus órganos de goberno. En ningún caso unha mesma persoa poderá avalar varias propostas. No escrito deberá constar a identificación da persoa proposta xunto cunha breve memoria na que se describan motivadamente os seus méritos. En ningún caso a persoa proposta poderá formar parte do colectivo de persoas asinantes da proposta. As propostas deberán presentarse na secretaría de decanato.

Prazo:

O prazo de presentación de solicitudes é do **8 ao 23 de maio de 2017**, ambos inclusive.

Ferrol, 5 de maio de 2017

O decano

Asdo: José Luis López Fernández



“PREMIO CIPRIANO DOBARRO”

A Xunta da Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade da Coruña, na súa sesión do 12 de maio de 2014, decidiu crear o “Premio Cipriano Dobarro”, en homenaxe e recordo a quen fora Director do Centro, e como recoñecemento ao seu excepcional compromiso co noso Centro e a súa dedicación e profesionalidade.

O pasamento de Cipriano deixou un vacío moi difícil de encher na nosa comunidade, polo que se entendeu que a concesión do seu nome a este premio era o mellor xeito de manter viva a súa memoria e de lembralo no futuro. Os seus valores humanos e profesionais son os que se pretenden estimular por medio da concesión de este premio que se encadra dentro do convenio de colaboración suscrito pola Universidade da Coruña a través da Facultade de Ciencias do Traballo e o Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense.

BASES

OBXECTIVOS

Premiar ao estudante ou estudantes da Facultade de Ciencias do Traballo que acrediten ao seu paso polo Centro un comportamento académico e humano no que se reflectan os valores que exemplarizou quen dá nome a este premio.

CONVOCATORIA

A convocatoria realizarase por medio de Resolución do Decano/a da Facultade de Ciencias do Traballo, que será publicada no taboeiro de anuncios do Centro e na súa páxina WEB.

A súa periodicidade será anual.

CANDIDATURAS

Poderán optar o “Premio Cipriano Dobarro” estudantes de 3º e 4º curso do Grao en Relacións Laborais e RRHH da Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade da Coruña con matrícula no Centro no momento en que remate o prazo de presentación de candidaturas, e que non acadaron o premio en edicións anteriores.

En cada edición premiarase a unha persoa ou, excepcionalmente a un colectivo do alumnado, sempre que todos eles reúnan os requisitos expresados no parágrafo anterior.

Ante a posibilidade de que non sexa presentada candidatura algunha e que o premio quede deserto, poderá concederse ao mellor expediente académico.

PROPOSTAS E PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

As propostas para o “Premio Cipriano Dobarro” deberán ser avaladas por quince ou máis membros da comunidade do Centro (profesorado, alumnado ou persoal de administración e servizos), ou polos seus órganos de goberno. En ningún caso unha mesma persoa poderá avalar varias propostas.



No escrito deberá constar a identificación da persoa proposta xunto cunha breve memoria na que se describan motivadamente os seus méritos. En ningún caso a persoa proposta poderá formar parte do colectivo de persoas asinantes da proposta. As propostas deberán presentarse na secretaría de decanato no prazo que fixe a convocatoria.

CRITERIOS DE CONCESIÓN DO PREMIO

O xurado valorará especialmente os seguintes méritos:

- Expediente académico dos candidatos ou candidatas.
- A concurrencia nos candidatos ou candidatas dos valores humanos e académicos que singularizaron a Cipriano Dobarro, en especial, o seu grao de compromiso coa institución e o seu carácter solidario.

XURADO

O xurado será presidido polo Decano/a da Facultade de Ciencias do Traballo, e formarán parte do mesmo o Secretario/a da Facultade, que actuará en calidade de secretario/a do xurado, dous membros do profesorado, dous estudantes, un PAS, membros todos eles da Xunta de Facultade e elexidos por ésta, e un representante do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense.

ACTUACIÓN DO XURADO

O xurado reunirse nas dependencias da Facultade de Ciencias do Traballo, sendo preciso para a súa válida constitución a presenza do Presidente ou persoa en quen delegue, o Secretario/a e tres membros do resto dos colectivos. As súas decisións, que serán motivadas, deberán ser adoptadas por maioría absoluta.

FALLO DO XURADO

A decisión do xurado será irrevocable, non estando suxeita a reclamación, e será publicada no taboeiro de anuncios e na páxina web do Centro. O xurado poderá declarar deserto dito premio.

PREMIO

O premio consistirá nun diploma acreditativo e unha cantidade en metálico a determinar en cada convocatoria e entregarse no acto de graduación.

Para máis información: páxina web do Centro www.fct.udc.es ou na Secretaría de Decanato.